



A CORUÑA-SANTIAGO Avda. de Coimbra 15, local. 15895 ST / tfno-fax: 981580700  
LUGO Rúa Bolaño Ribadeneira, 20-2ºB. 27001 / tfno-fax: 982240066  
OURENSE Rúa S. Domingo, 60; gal. Xesta-entrechán, 1. 32005 / tfno-fax: 988252323  
PONTEVEDRA Praza de Curros Enríquez, nº 1, of. 201, 36202 / tfno-fax: 986857545  
VIGO Rúa Doutor Cadaval, nº 33, 2º C, 36202 / tfno.-fax: 986228658

## REGULAMENTO ORGÁNICO DAS EEOOI

### Resumo Mesa Sectorial na que se empezou a tratar este decreto.

Antes de comezar a nosa análise do Decreto demandamos que a Mesa fose unha auténtica mesa de negociación esixindo a resposta da administración as demandas que por parte das OOSS se producisen.

Saudamos que veña este ROC específico para as EEOOI ao coincidir coa demanda do STEG (achegada hai un ano a esta Consellería) e coa do colectivo do profesorado.

Cremos neste modelo de aprendizaxe de idiomas desde a iniciativa pública que é preciso manter e potenciar para achegala a toda a sociedade galega. Neste sentido coidamos que as escolas ademais de ser centros de acreditación de competencias son espazos de formación que prestan un importante servizo social. Estes dous obxectivos deben ser o viero do traballo de toda Administración (neste sentido reclamamos a necesidade de que todos os niveis -incluídos os C1 e os C2-) sexan impartidos nas EEOOI para evitar a privatización destas acreditacións.

Antes de entrar no articulado, adiantamos algúns dos aspectos que nos parecen máis preocupantes:

- a solución para as probas unificadas.
- a formación continua do profesorado das EOIS así como a posibilidade da acreditación na propia escola.
- a avaliación externa e a avaliación do profesorado pola súa indefinición.
- as atribucións en materia disciplinara outorgadas a dirección.
- a substitucións dos cargos directivos.
- a falla dunha tipoloxía de centros.
- a conversión das seccións en escolas.
- Todo o relativo ao proxecto de xestión do centro.
- lingua galega: parécenos unha falla de delicadeza e ética políticas que xa se inclúa a terminoloxía dun decreto de galego que aínda non se negociou. Xa que logo preocupa, cando menos, a intención negociadora. Ademais supón un claro incumprimento da lexislación vixente impropio dunha administración que debe ser a garante do cumprimento de toda lei.
- así mesmo, pedimos a revisión da linguaxe sexista en todo o documento, aínda que recoñecemos avances.

### PREÁMBULO

Pax. 1 parágrafo 3. apoiamos que se incluíse no primeiro parágrafo o fin que recolle a LOE para estas ensinanzas e que non se lle dea tanta importancia ás EEOOI como formación de profesorado xa que teñen como dixemos no preámbulo un fin máis amplo. **ESTUDARANO**

Pax. 1 parágrafo 3. liña 3. Diferenciar goberno estatal ou central de goberno galego. **NON ACEPTADA**

Pax. 3 parágrafo 3. liña 3. Avaliacións externas: cambiar "baixo a responsabilidade da Consellería" por "pola Consellería". Entendemos que as avaliacións externas non poden ser realizadas por axentes externos ( privados) ao proceso educativo. **NON ACEPTADA**

### ARTIGOS

#### ARTIGO 2: CARÁCTER E ENSINAZAS DAS EEOOI

2. 1 Fomento de linguas da UE e as cooficiais: solicitamos explicación de como se fomentaran estes idiomas. Pedimos a inclusión da oferta obrigatoria de todas as linguas cooficiais do estado en todas as escolas. **NON ACEPTADA**

Demandamos un tratamento especial (neste decreto ou onde corresponda) para o galego incluíndo o seguinte parágrafo: “axeitaranse os obxectivos e contidos da ensinanza da lingua galega á compensación do déficit histórico de escolarización na nosa lingua, aplicando criterios diferenciados respecto á aprendizaxe de linguas estranxeiras”. Temos que facilitar a presenza dos niveis c1 e c2 na nosa lingua ao mesmo tempo que se posibilita o coñecemento da lingua para as persoas que non tiveron dereito a esta escolarización. Incluir a posibilidade de galego para estranxeiros. **NON ACEPTADA**, entenden que a lexislación vixente é suficiente.

2. 2 A oferta de cursos: incluír que debe pasar por mesa sectorial e debe ser xustificada. **NON ACEPTADA**

Débase incluír que as EEOOII poidan propoñer e solicitar cursos dos que teñan demanda. **NON ACEPTADA**, **aínda que si aceptaron posteriormente, dentro das funcións da dirección, a de facerlle chegar á administración as necesidades inxedanzas e plantexamentos da comunidade educativa.**

Na liña 4 despois de “outros colectivos profesionais” engadir: “tamén o profesorado das EEOOII”. O profesorado debe ter o dereito de formarse na súa Escola, non ten lóxica que teña que realizala noutra EOI. **NON ACEPTADA por imperativo legal e exceder as súas competencias.**

2.4 As ensinanzas e a oferta formativa. Incluir que se coñezan coa antelación necesaria e que pasen por mesa sectorial. **NON ACEPTADA**

Solicitamos explicación da modalidade semipresencial. **Só é para unha posible futura oferta**

### ARTIGO 3: CREACIÓN, DENOMINACIÓN E SUPRESIÓN DAS EEOOII

Clasificación das EOIS: incluír un apartado despois do 3.2 que clasifique ás EOIS en función do número de alumnado ou outros criterios que poidan establecerse. **NON ACEPTADO**

3.3. Denominación das escolas: fomentarse o nome de mulleres galegas nas denominacións das EEOOII que compense este déficit detectado polo STEG no seu estudo e campaña sobre os nomes de centros educativos galegos. **NON CONTESTAN**

3.4. Nome do concello: obrigatoriamente en galego cumprindo a lexislación vixente. **NON CONTESTAN**

### ARTIGO 4: SECCIÓNS DAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS

4.1. Seccións: evitar o carácter de provisionalidade como sección consolidando e convertendo a sección en escola tendo e conta diversos criterios: temporalidade, alumnado, idiomas demandados e impartidos, a contorna ou a xeografía (medio rural), demográficos,... **ACEPTARON INCLUIR DESPOIS DE CREAR E SUPRIMIR: TRANSFORMAR.**

4.2. Débase evitar a supresión das seccións e lembramos a necesidade de que pase por mesa sectorial.

4.3. Condicións das instalacións: lembramos a importancia da necesidade de velar por estas condicións, segundo a normativa vixente, nas escolas e nos IES onde se detectan moitas queixas sobre esta cuestión. **ACEPTADA**

## TÍTULO II: ÓRGANOS DE GOBERNO E DE COORDINACIÓN DOCENTE

### CAPÍTULO I.- ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSONAIS

#### ARTIGO 5: ÓRGANOS UNIPERSONAIS

5.1 Vicedireccións: parécenos excesivo o número de 750 estudantes polo que demandamos unha redución considerable do mesmo tomando como referencia o establecido para secundaria na actualidade. **NON ACEPTADO**

5.3 Xefatura de estudos: esiximos que se nomee en todas as seccións. **ACEPTADO**

## DIRECCIÓN

### ARTIGO 7: SELECCIÓN, NOMEAMENTO E CESAMENTO

7.4. Nomeamento e cesamento. Demandamos que o cambio de data para o cesamento a 31 de xullo e o nomeamento para o 1 de agosto. Entendemos que o mes de xullo é de moita actividade administrativa que debe rematar a persoa coa experiencia do curso e non unha persoa nova. **NON ACEPTADA**

### ARTIGO 8: COMPETENCIAS DIRECCIÓN

8.2.b Atribucións en materia disciplinaria: esiximos a eliminación deste apartado que só xeraría problemas nos centros e deixar, como ate o de agora, esta función en mans da inspección. **NON ACEPTADA**

8.3.b Reiteramos a nosa preocupación polo obxectivo ou fin da avaliación e en especial da función pública docente. Aceptamos calquera avaliación de todo o proceso de ensino-aprendizaxe que sirva para mellorar a formación do profesorado e a dos recursos de calquera escola ou centro. Entendemos que mentres non se regule debería desaparecer de aquí. **NON ACEPTADA xa que figura así na loe**

## VICEDIRECCIÓN, XEFATURA DE ESTUDOS E SECRETARÍA

### ARTIGO 9. COMPETENCIAS DA VICEDIRECCIÓN

1.a. Incluír á posibilidade de asistencia ás CCP na medida en que pode substituír á dirección e debe ser coñecedora destas reunións de coordinación. **ACEPTADA**

## EQUIPO DIRECTIVO

### ARTIGO 12: NOMEAMENTO, SUBSTITUCIÓN E CESAMENTO

Demandamos campañas de fomento para a presenza das mulleres nos equipos directivos que reflictan a proporción real do sistema educativo galego. **NON CONTESTAN**

12.1 Nomeamento a 1 de agosto polos motivos expostos máis arriba. **NON ACEPTADA**

12.3 Nomeamento de cargos nas seccións de nova creación: demandamos que sexan nomeados a proposta do profesorado da sección e non por imposición da administración. **ACEPTADA**

12.4 Baixas de membros do equipo directivo: solicitamos a retirada de que sexa nomeado un profesor do mesmo departamento do cargo a substituír. Esta proposta só está baseada en criterios economicistas e non e calidade do servizo público. Ademais é de imposible aplicación cando sexa a dirección do centro. Propuxemos a alternativa seguinte: "que sexa nomeado o profesorado suficiente para continuar coa mesma atención educativa ao alumnado ao mesmo tempo que se mantén a calidade na xestión do centro."

**ESTUDARÁN UNHA NOVA REDACCIÓN**

En todo caso sempre se recoñecerán os mesmos dereitos económicos e administrativos. **Debe pronunciarse persoal pois é da súa competencia. Esta dirección xeral estaría de acordo.**

12.5.b Apoiamos a retirada da necesidade do informe favorábel da inspección cando a renuncia do cargo sexa aceptada pola dirección. **ACEPTADA**

A mesa continuará o martes 16 de marzo e de non rematar o xoves 18 de marzo.

Ao rematar o STEG denunciou que un medio de comunicación coñeza antes o contido do Decreto de galego que os representantes lexítimos das traballadoras e traballadores do ensino.